



El Pleno de esta corporación, mediante el acuerdo adoptado en la sesión ordinaria celebrada el día 4 de noviembre de 2021, aprobó definitivamente el expediente de modificación de créditos n.º 2/2021, dentro del vigente presupuesto municipal de gastos, cuyo importe asciende a la cantidad de doce mil (248.000,00) euros.

De acuerdo con lo preceptuado y en cumplimiento de lo dispuesto por el artículo 177.2 en relación con el artículo 169.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora De Las Haciendas Locales, se publica que, después de dicho expediente, el resumen por capítulos del presupuesto de gastos, queda de la siguiente forma:

Capítulos; Consignación antes de este expediente Euros.; Aumentos por créditos Ext. o sup. Euros.; Total de la consignación resultante Euros.

- 1.- Gastos de personal; 324.050,00; 0; 324.050,00
- 2.- Gastos en bienes corrientes y servicios; 524.350,00; 60.000,00; 584.350,00
- 3.- Gastos financieros; ---; ---; ---
- 4.- Transferencias corrientes; 305.700,00; 5.000,00; 310.700,00
- 6.- Inversiones reales; 168.000,00; 183.000,00; 351.000,00
- 7.- Transferencias de capital.; ---; ---; ---
- 8.- Activos financieros.; ---; ---; ---
- 9.- Pasivos financieros.; ---; ---0; ---
- Totales; 1.322.100,00; 248.000,00; 0; 1.570.100,00

Lo que se publica para general conocimiento y efectos.

Contra este acuerdo, en virtud de lo dispuesto en el artículo 171 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, los interesados podrán interponer directamente recurso contencioso-administrativo en la forma y plazos establecidos en los artículos 25 a 42 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora da citada Jurisdicción.

Sin perjuicio de lo anterior, a tenor de lo establecido en el artículo 171.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, la interposición del citado recurso no suspenderá por sí sola la efectividad del acto o acuerdo impugnado.

El alcalde.

R. 3.129

Ourense

Decreto núm. 2021008890, do 30 de novembro de 2021

“Decreto da Alcaldía. Ourense, na data da sinatura electrónica

No uso das atribucións que me foron concedidas polo art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e en relación co que dispoñen os artigos 43 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta alcaldía, por razóns de ausencia da concelleira Eugenia Díaz Abella, resolve:

1. Delegar temporalmente as funcións da Área de Servizos Sociais, que están atribuídas á concelleira Eugenia Díaz Abella, en virtude do decreto núm. 2021005267, do 02/07/2021 e do acordo da Xunta de Goberno Local do 25/11/2021, na concelleira Flora Moure Iglesias, o 2 de decembro de 2021.

2. Nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas por esta alcaldía, farase constar expresamente esta circunstancia e a data da presente resolución.

3. Notificarlle persoalmente esta resolución á designada. A delegación, para ser eficaz, requirirá a súa aceptación por parte do delegado. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles, que contarán desde a notificación

do acordo á concelleira destinataria da delegación, non fai expresa manifestación diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

4. Infórmese o Pleno e a Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar e publíquese no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e do concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o mesmo día da súa sinatura.

Mándao e asíno o alcalde, no lugar e na data indicados, do que eu, como oficiala maior, dou fe.

O alcalde. A oficiala maior. Asdo.: Gonzalo Pérez Jácome. Silvia Alonso Fernández.

Ourense, na data da sinatura electrónica. O alcalde.

Asdo.: Gonzalo Pérez Jácome.

Decreto núm. 2021008890, de 30 de novembro de 2021

“Decreto de la Alcaldía. Ourense, en la fecha de la firma electrónica

En el uso de las atribuciones que me fueron concedidas por el art. 124 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local y en relación con lo que disponen los artículos 43 y siguientes del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, esta alcaldía, por razones de ausencia de la concejala Eugenia Díaz Abella, resuelve:

1. Delegar temporalmente las funciones del Área de Servicios Sociales, que están atribuidas a la concejala Eugenia Díaz Abella, en virtud del Decreto núm. 2021005267, de 02/07/2021 y del acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 25/11/2021, en la concejala Flora Moure Iglesias, el 2 de diciembre de 2021.

2. En las resoluciones que se adopten en el ejercicio de las delegaciones conferidas por esta alcaldía, se hará constar expresamente esta circunstancia y la fecha de la presente resolución.

3. Notificarle personalmente la presente resolución a la designada. La delegación, para ser eficaz, requerirá su aceptación por parte del delegado. Se entenderá aceptada tácitamente si en el término de tres días hábiles, que se contarán desde la notificación del acuerdo a la concejala destinataria de la delegación, no hace manifestación expresa delante del órgano delegante de que no acepta la delegación.

4. Se informará al Pleno y a la Junta de Gobierno Local en la primera sesión que tenga lugar y se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de anuncios de la sede electrónica del Ayuntamiento de Ourense y del ayuntamiento, sin perjuicio de su efectividad desde el mismo día de su firma.

Lo manda y firma el alcalde, en el lugar y fecha indicados, de lo que yo, como oficiala mayor, doy fe.

El alcalde. La oficiala mayor. Fdo.: Gonzalo Pérez Jácome. Silvia Alonso Fernández.

Ourense, en la fecha de la firma electrónica. El alcalde.

Fdo.: Gonzalo Pérez Jácome.

R. 3.141

Vilamartín de Valdeorras

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora dos servizos públicos de saneamento e depuración de augas residuais e uso destes, cuxo texto íntegro se publica, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do

previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

«Por Providencia da Alcaldía, con data 24 de agosto de 2021, solicitouse un informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a aprobación da Ordenanza municipal reguladora dos servizos públicos de saneamento e depuración de augas residuais.

Tendo en conta o devandito informe, o resultado da consulta pública efectuada a través do portal web deste concello e o proxecto elaborado polos servizos municipais da Ordenanza municipal reguladora dos servizos públicos de saneamento e depuración de augas residuais, no que se tiveron en conta as achegas realizadas durante o trámite de consulta pública, que se recibiu neste concello, así como, no seu caso, o informe do secretario sobre o proxecto.

E tendo en conta tamén que o proxecto estivo exposto ao público e non se recibiron achegas durante o trámite de consulta pública, como así o acredita o certificado de Secretaría, e o informe de Secretaría e de conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, acordamos

Primeiro. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora dos servizos públicos de saneamento e depuración de augas residuais nos termos no que consta no expediente.

Segundo. Someter a dita ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da ordenanza municipal no portal web do concello:

[<http://vilamartindevaldeorras.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Terceiro. Facultar o alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.».

«Regulamento dos servizos públicos de saneamento e depuración de augas residuais e uso destes do Concello de Vilamartín de Valdeorras

Preámbulo

A Directiva 91/271/CEE, do 21 de maio, relativa ao tratamento das augas residuais urbanas, sinala a necesidade de que as verteduras de augas residuais industriais que sexan incorporadas ao sistema de saneamento e depuración de augas residuais urbanas, sufran un tratamento previo para garantir, principalmente, que non teñan efectos nocivos sobre as persoas e o medio ambiente, e que non deterioren as infraestruturas de saneamento e depuración

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, declara no seu artigo 32, de interese da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas cuxo ámbito material comprende a regulación, planificación, aprobación definitiva de proxectos, a construción e a xestión, explotación e mantemento de estacións depuradoras de augas residuais, redes de colectores xerais e conducións de vertedura que formen parte do Plan galego de saneamento. O artigo 27 da mesma lei reserva á competencia municipal a prestación do servizo de sumidoiros e o control dos vertidos a estas redes.

O Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia na súa disposición

transitoria primeira establece que as entidades locais adecuarán as súas ordenanzas e regulamentos sobre planificación, deseño, uso e verteduras ás redes de saneamento públicas ao disposto neste regulamento marco no prazo de dous anos, contado dende a súa entrada en vigor segundo o disposto no artigo 32.3 da Lei 9/2010 de augas de Galicia.

Independentemente do indicado nas normativas anteriores, establécese que as acometidas de desaugadoiro particulares, é dicir, as que descorren en terreo público dende a arqueta de saída do inmovible ata a conexión coa rede xeral de sumidoiros serán responsabilidade do Concello de Vilamartín de Valdeorras. Calquera incidencia nestas por funcionamento ordinario como poden ser atascos ou avarías non negligentes do propietario do inmovible serán responsabilidade do concello.

Capítulo I. Disposición xerais

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Este regulamento de servizo ten por obxecto regular as verteduras de augas residuais á rede de sumidoiros pública así como establecer as características e condicións técnicas das conexións particulares a esta. Detallaranse as condicións ás que deberán axustarse estes elementos, usos permitidos desta rede de sumidoiros pública e as instalacións complementarias do Concello de Vilamartín de Valdeorras.

Conforme con este obxectivo xeral, as finalidades son:

a) Regular as condicións ás que deberá axustarse o uso da rede municipal de sumidoiros e das súas obras e instalacións complementarias.

b) Garantir a evacuación e o tratamento das augas residuais de xeito eficaz co fin de preservar o estado das masas de auga, e posibilitar os seus máis variados usos, incluíndo a súa reutilización.

c) Adecuar a calidade da auga dos efluentes das estacións depuradoras para dar cumprimento á normativa básica sobre depuración de augas residuais urbanas, sen prexuízo do respecto aos obxectivos ambientais establecidos na lexislación e na planificación hidrolóxica aplicables.

d) Prohibir a vertedura ás redes de sumidoiros e colectores, de augas residuais de orixe industrial, agrícola e gandeira, cuxas características incumpran o exixido neste regulamento, ou poidan alterar o correcto funcionamento das instalacións afectas ao servizo.

e) Garantir que o conxunto das verteduras da rede de saneamento municipal se adecúan ás características de deseño da correspondente instalación de depuración.

f) Xestión eficiente das instalacións a partir dun deseño coherente coas Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia, aprobadas por Augas de Galicia.

g) Adecuar os permisos de vertedura ás esixencias e requirimentos do progreso técnico, adecuación que non será indemnizable e cuxo incumprimento poderá dar lugar á suspensión e á revogación do permiso, que non terán carácter sancionador.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Será de aplicación a todos os usuarios que realicen verteduras, directas ou indirectas tanto de natureza doméstica como industrial, de augas residuais e pluviais, aos sistemas de saneamento e depuración de augas residuais que vertan ou se integren na rede pública que xestiona o Concello de Vilamartín de Valdeorras ou a entidade xestora correspondente, de ser o caso, que se entende como a persoa física ou xurídica de calquera natureza que efectivamente realice a xestión das redes de sumidoiros, así como a depuración das augas residuais procedentes das devanditas redes, podendo ser unha mesma entidade xestora para todo o proceso, ou ben diferentes entidades



xestoras para a rede de sumidoiros e o sistema de depuración de augas residuais.

Artigo 3. Definicións

Para os efectos deste regulamento establécense as definicións seguintes:

a) Sistema público de saneamento e depuración de augas residuais: conxunto de bens de dominio público interrelacionados, composto por unha ou máis redes locais de sumidoiros, colectores, estacións de bombeo, conducións de vertedura, estación depuradora de augas residuais e outras instalacións de saneamento asociadas, co obxecto de recoller, conducir ata a estación e sanear, de maneira integrada, as augas residuais xeradas nun ou máis municipios ou en parte dun ou máis municipios. As acometidas ao sistema formarán parte do sistema público a diferenza do indicado nas normativas vixentes por acordo do Concello de Vilamartín de Valdeorras.

b) Augas residuais urbanas: as augas residuais domésticas ou a mestura delas coas augas residuais non domésticas, así como con augas de escorregamento pluvial.

c) Augas residuais domésticas: as augas residuais procedentes dos usos residenciais das vivendas, actividades comerciais sen almacenaxe, oficinas e talleres integrados nas vivendas, xeradas principalmente polo metabolismo humano e as actividades domésticas.

d) Augas residuais non domésticas (ou industriais): as augas residuais vertidas desde establecementos nos que se efectúe calquera actividade industrial, agrícola ou gandeira, que non sexan augas residuais domésticas ou de escorregamento pluvial. Entenderase por actividade industrial aquela que consista na produción, transformación, manipulación, reparación e almacenaxe de materias primas e produtos manufacturados.

e) Augas brancas: as augas que non foron sometidas a ningún proceso de transformación de xeito que a súa potencial capacidade de perturbación do medio é nula e, polo tanto, non deben ser conducidas mediante os sistemas públicos de saneamento. A súa procedencia é diversa: augas destinadas á rega agrícola, augas subterráneas, augas superficiais, fontes ou mananciais, e augas procedentes da rede de abastecemento.

f) Augas pluviais: as producidas simultaneamente ou inmediatamente a continuación de calquera forma de precipitación natural e como resultado dela. As augas de escorregamento pluvial terán carácter de augas brancas ou de augas residuais urbanas en función da posibilidade de alteración dos obxectivos de calidade do medio receptor. Así mesmo, terán esta consideración as augas de refrixeración en función das súas características.

g) Residuos sólidos ou semisólidos xerados: os lodos orixinados nos sistemas públicos de saneamento e depuración de augas residuais urbanas, así como o resto de residuos xerados nos sistemas públicos de saneamento e depuración.

h) Entidade xestora: a Administración pública que ten encomendada a xestión de cada un dos sistemas públicos de saneamento e depuración de augas residuais, de acordo co disposto nos artigos 26 e 27 da Lei 9/2010, de augas de Galicia con independencia de que o servizo se preste directa ou indirectamente.

i) Estación depuradora de augas residuais: conxunto de instalacións necesarias para, como mínimo, o tratamento físico, físico-químico ou biolóxico das augas residuais domésticas.

j) Sumidoiro público: todo conxunto subterráneo de saneamento construído ou aceptado polo concello para servizo xeral do seu territorio ou parte deste, dos que a súa limpeza e conservación pertence ao Concello ou, por adxudicación destes, á empresa adxudicataria.

k) Acometida: conxunto de elementos interconectados que unen a rede pública de saneamento coa instalación privada dunha vivenda ou edificio.

l) Embornal: toda instalación composta de boca e dispositivo de caída e condución ata a rede de sumidoiros, destinado a recoller e conducir á rede de sumidoiros públicos as augas superficiais de escorrentías dunha vía pública

m) Redes unitarias: aquelas que constan dunha soa canalización pola que en tempo seco circulan augas residuais urbanas e en tempo de chuva asume tamén a función de drenar as augas pluviais, provocándose unha mestura de ambos os tipos de augas.

n) Redes separativas: aquelas que constan de dúas canalizacións independentes; unha delas transporta as augas residuais de orixe doméstica, comercial ou industrial ata a estación depuradora, e a outra conduce as augas pluviais ata o medio receptor, ou ata un posible sistema de tratamento previo á súa vertedura.

o) Informe de vertedura: o informe obrigatorio que deberá emitir o servizo, en todas as solicitudes de conexión á rede de sumidoiros.

Artigo 4 - Titularidade dos servizos e forma de xestión

A entidade xestora dos servizos de saneamento é o Concello de Vilamartín de Valdeorras.

A entidade xestora dos servizos de depuración de augas residuais é o Consorcio de Augas de Valdeorras.

O Concello de Vilamartín de Valdeorras xestiona de forma directa a administración e explotación dos servizos de sumidoiros aos que se refire este regulamento, sen prexuízo de que nun futuro poida encomendar a xestión a outra entidade.

O Consorcio de augas de Valdeorras xestiona de forma directa a administración e explotación dos servizos de Depuración aos que se refire este regulamento

Artigo 5. Das redes de saneamento e os seus elementos

1. As administracións competentes desenvolverán accións para a paulatina substitución de redes unitarias por redes separativas sempre que sexa posible, garantindo a calidade da auga pluvial na vertedura ao medio receptor ou na súa reutilización, ben mediante a aplicación de técnicas de drenaxe urbana sustentable en orixe ou ben estruturais.

2. Nos casos en que resulte imposible a separación das redes aplicaranse as técnicas de drenaxe urbana sustentable en orixe para minimizar a entrada da auga pluvial nos sistemas de saneamento, así como as técnicas de drenaxe urbana sustentable estruturais para garantir a xestión eficaz do volume de auga resultante tanto na rede como na estación depuradora de augas residuais, así como para garantir a calidade do efluente vertido ao medio receptor.

3. Tanto no caso de redes separativas como unitarias garantirase a compatibilidade das verteduras ao medio receptor coa lexislación vixente, de xeito que se asegure a capacidade do medio para recibir estes efluentes, tanto desde o punto de vista cualitativo coma cuantitativo. As verteduras ao medio realizaranse a través da estación depuradora, desaugadoiros ou outros elementos que formen parte da rede, os cales estarán perfectamente identificados.

Capítulo II. Condicións, dereitos e obrigas

Artigo 6. Condicións previas para a conexión

1. Para a conexión dun novo usuario ao sistema público de saneamento é necesario que a rede local de sumidoiros se atope en servizo e que a vertedura do usuario cumpra as condicións establecidas neste regulamento

2. De conformidade co Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao

tratamento das augas residuais urbanas, as verteduras de augas residuais non domésticas nos sistemas de saneamento ou nos sistemas de depuración serán obxecto do tratamento previo que sexa necesario para:

a) Garantir que as verteduras das instalacións de tratamento non teñan efectos nocivos sobre o ambiente e non impidan que as augas receptoras cumpran os obxectivos de calidade da normativa vixente.

b) Protexer a saúde do persoal que traballe nos sistemas de saneamento e depuración.

c) Garantir que as instalacións dos sistemas de saneamento e depuración e os equipamentos correspondentes non se deteriores.

d) Garantir que non se obstaculice o funcionamento das instalacións de tratamento de augas residuais.

e) Garantir que os lodos poidan evacuarse con completa seguridade de xeito aceptable desde a perspectiva ambiental. En ningún caso se autorizará a súa evacuación aos sumidoiros ou ao colector.

Artigo 7 Uso obrigado da rede de sumidoiros

1. Declárase de recepción obrigatoria o servizo de saneamento e depuración para todos aqueles titulares de edificacións e vivendas onde estea establecido o servizo por parte do concello por razón de hixiene, sanitarias e medioambientais.

2. Están obrigados ao uso da rede de sumidoiros todas as instalacións situadas a menos de 15 m da dita rede de sumidoiros.

3. A administración competente concederá a licenza de conexión á rede de saneamento solicitada polos interesados nas condicións que este regulamento establece. Nos casos nos que non conste solicitude por parte do propietario, e sexa de aplicación o disposto no punto 2 deste artigo, requirirase a este para que achegue a documentación pertinente no prazo de 15 días. No caso de desatender o devandito requirimento, actuarase de oficio e darase de baixa o contrato segundo os datos que consten no concello.

4 Para os efectos do disposto neste regulamento, establécese como requisito esencial para todo inmovible, a conexión á rede xeral de saneamento. En consecuencia, non se concederán licenzas cando nos correspondentes proxectos de obra que se presenten ante a Administración municipal non conste a conexión coa rede xeral de saneamento.

5. Os edificios que dispoñan de fachada a unha vía na que exista rede de sumidoiros deberán verter as súas augas residuais a través da correspondente acometida. No caso de que a edificación teña fachada a máis dunha vía pública, o propietario poderá escoller o sumidoiro público ao que vai verter, salvo que existan condicións técnicas que o impidan.

6. Cando no solo urbano, non exista sumidoiro público fronte ao soar, o propietario deberá conducir as augas residuais ata o sumidoiro máis próximo mediante a construción dunha prolongación da rede que poderá facerse mancomunadamente por todos os propietarios de predios situados no mesmo tramo. A dita prolongación deberá axustarse ás aliñacións e rasantes das vías previstas no planeamento vixente. Estarán obrigados á devandita conexión todos aqueles usuarios que teñan a rede xeral de sumidoiros a menos de 100 m das súas vivendas ou instalacións, agás que existan informes realizados pola administración competente ou entidade xestora que conclúan coa imposibilidade ou excesiva dificultade de levar a cabo a acometida ou ampliación de rede necesaria.

7. Os edificios existentes á entrada en vigor deste regulamento deberán axustarse ás seguintes condicións:

- Se dispoñen de pozo negro ou fosa séptica, e tecnicamente é posible a súa conexión á rede de sumidoiros, os propietarios

estarán obrigados a conectarse a través da correspondente acometida e a anular o pozo negro ou fosa séptica.

- No caso de non existir rede de sumidoiros, as instalacións deberán dispor dun sistema propio de tratamento de augas residuais e obter a correspondente autorización de vertido outorgada polo organismo de cunca competente sen prexuízo da obriga de conectar no sumidoiro público cando este se constrúa.

8. Os establecementos non domésticos deberán unificar as verteduras xeradas nos distintos procesos produtivos minimizando na medida do posible, sempre que sexa técnica e economicamente viable, o número de puntos de conexión aos colectores. No caso das augas pluviais, deberán aplicarse as oportunas técnicas de drenaxe urbana sustentable, conforme coas Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia, aprobadas por Augas de Galicia

Artigo 8. Obrigas da entidade xestora

A entidade xestora do servizo, estará suxeita ao cumprimento das seguintes obrigas:

1. Prestar o servizo a todo aquel usuario que o solicite nos termos establecidos neste regulamento.

2. Manter as instalacións e as condicións sanitarias de acordo coa normativa vixente aplicable.

3. Manter permanentemente a dispoñibilidade e regularidade do servizo mediante a vixilancia, conservación e reparación de todas as instalacións incluídas nel.

4. Facturarlles aos usuarios de acordo coa tarifa vixente aprobada polo organismo competente.

5. Realizar campañas de información e sensibilización da poboación en xeral e dos usuarios con verteduras non domésticas en particular, co fin de reducir as verteduras á rede de saneamento de substancias e produtos tóxicos do fogar, talleres, etc.

6. Facilitar aos técnicos redactores de proxectos as características técnicas da rede.

7. Dispor dun servizo permanente de atención aos subscritores.

Artigo 9. Dereitos da entidade xestora

A entidade xestora terá os seguintes dereitos:

1. Percibir as cantidades que correspondan segundo a aplicación das tarifas aprobadas.

2. Dispoñer dunha retribución económica suficiente para o mantemento do equilibrio económico.

3. Inspeccionar e revisar as instalacións interiores dos usuarios.

Artigo 10. Obrigas do usuario

O subscritor estará suxeito ás seguintes obrigas

1. Satisfacer puntualmente o importe dos servizos de acordo coas tarifas vixentes aprobadas

2. Verter da forma establecida e conforme cos usos contratados

3. Aboar as cantidades resultantes das liquidacións que, por erro, fraude ou avaría se lle poidan imputar.

4. Permitir a entrada no local ao persoal do servizo, que irá debidamente identificado, para instalar os elementos que sexan necesarios ou inspeccionar as instalacións.

5. Cumprir as condicións e obrigas técnicas e administrativas contidas no contrato ou póliza ou no permiso de vertedura.

6. Comunicarlle á entidade xestora ou administración competente calquera modificación da instalación interior que supoña unha modificación dos puntos de vertedura.

Artigo 11. Dereitos do usuario

O usuario dos servizos gozará dos seguintes dereitos:

1. Dispoñer das condicións técnicas axeitadas para a normal evacuación das augas residuais conforme coas instalacións existentes.

2. Recibir a facturación dos servizos de saneamento e depuración de acordo coas tarifas vixentes en cada momento.



3. Solicitar á entidade xestora as aclaracións, informacións ou o asesoramento que precise así como recibir contestación por escrito das consultas formuladas por este procedemento.

4. Formular as reclamacións administrativas que considere convenientes acreditando a súa condición de titular do contrato ou do representante legal.

5. Ser informado de todas as cuestións derivadas da prestación e funcionamento do Servizo que precise.

Artigo 12. Acometidas

1. Sen prexuízo do establecido neste regulamento, a construción de calquera elemento da rede de sumidoiros, acometidas, embornais, etc., axustarase ao disposto no anexo I (normas de execución de acometidas e ampliacións das redes de sumidoiros e de pluviais) e pola normativa urbanística do concello así como pola regulamentación técnica en vigor.

2. As augas residuais dun edificio conduciranse á rede de sumidoiros a través da acometida que constará basicamente dunha arqueta de rexistro pegada á liña da fachada e construída sempre na vía pública e dun conduto transversal á rúa que conectará a dita arqueta coa rede de sumidoiros. As acometidas deberán conducir por separado as augas pluviais e residuais.

3. Deberá instalarse un sifón xeral ou un sistema xeral en cada edificio para evitar o paso de gases. Entre a acometida da condución e o sifón xeral do edificio disporase un tubo de ventilación, sen sifón nin peche.

4. As acometidas serán construídas unicamente pola entidade xestora do servizo que poderá ser o propio concello ou unha persoa física ou xurídica vinculada a Administración. Esta construción será a cargo do interesado, segundo as tarifas de prezos aprobadas na ordenanza fiscal correspondente. Dende o servizo levaranse a cabo as acometidas seguindo as normas de execución de acometidas do anexo I. Todos os gastos derivados das actuacións de conexión ao sistema serán a cargo do cliente/propietario, non obstante, a partir da execución da acometida e da súa posta en marcha todos os gastos de conservación e mantemento, serán por conta do usuario particular ou cliente, sendo o responsable do seu mantemento.

5. A limpeza das acometidas domiciliarias serán realizadas polo servizo de limpeza da entidade xestora, sempre e cando as deficiencias veñan orixinadas por un uso axeitado das instalacións e esta conte coa oportuna licenza municipal. No caso de uso negligente por parte do abonado ou dun terceiro, os custos derivados da posta en marcha do servizo correrán a cargo deste.

No caso de que a acometida fose realizada pola entidade xestora tamén se establece a responsabilidade da reparación.

6. O solicitante da licenza de acometida presentará un plano da rede de desaugadoiro interior do inmovible en planta e alzado a escalas 1:100 ou 1:50 detallando expresamente os sifóns xerais e a ventilación aérea.

7. Na construción de acometidas ademais de cumprirse as disposicións e dimensións adecuadas para un desaugue correcto, deberán cumprirse as seguintes condicións:

a) A instalación interior deberá asegurar a ventilación aérea e o illamento sifónico das baixantes de forma que se impida a decantación de sólidos e acumulación de flotantes tal e como reflicte o esquema do anexo II.

b) Nas instalacións hoteleiras e asimiladas, hospitais, obradoiros, estacións de servizo, talleres automobilísticos, garaxes e aquelas establecidas na normativa específica, construírse a arqueta decantadora de graxas e sólidos antes da acometida e no interior da propiedade.

c) Nas instalacións industriais, a rede de desaugadoiro interior completárase cun pretratamento que asegure que o efluente reúne as condicións que se esixen neste regulamento.

8. As acometidas construídas por empresas distintas ao servizo, soamente admitidas en caso de obras completas de renovación de rúas, antes da súa entrada en funcionamento, terán que ser inspeccionadas polo propio servizo. O custo desta inspección virá determinado pola ordenanza fiscal ou cadro de prezos correspondente.

9. Cando o nivel do desague particular non permita a súa conexión á rede de sumidoiros por gravidade, a elevación deberá ser realizada polo propietario do predio. No caso de que a impulsión discorra por terreo público, o servizo só autorizará a acometida da primeira vivenda e a partir da segunda solicitude, o concello construír un bombeo para elevar todas as augas residuais desa zona.

Artigo 13 - Prolongación das redes de sumidoiros. Redes de sumidoiros de nova construción

1. Para os efectos deste regulamento, considerarase que é necesario realizar unha ampliación ou mellora da rede de sumidoiros existente, nos seguintes casos:

- Cando, aínda que exista rede de sumidoiros nalgún terreo público lindeiro co inmovible, a acometida supoña un aumento de caudal que a rede existente non poida asumir.

- Cando non exista rede no vello público ao longo do fronte da parcela do inmovible.

- Cando a rede existente sexa rede primaria ou impulsión.

2. Cando sexa necesario efectuar unha ampliación da rede xeral para executar unha acometida, correrán por conta do solicitante a totalidade dos gastos que se orixinen. Ao remate das obras, estas pasarán a ser de propiedade municipal e poderán conectarse a esta rede as acometidas xa existentes.

3. As ampliacións da rede deberán discorrer, con carácter xeral, por terreos de dominio público. Se existen tramos situados en terreo privado, os propietarios afectados polo paso da tubaxe, poñerán a disposición do concello e/ou administración competente unha franxa de tres metros de ancho ao longo do seu percorrido e non poderán obstaculizar o acceso do persoal ou da maquinaria para a súa reparación ou inspección. Nos casos en que o solicitante da ampliación de rede non sexa o propietario dos terreos polos que vai discorrer a tubaxe, deberá acordar co propietario a adquisición do terreo necesario, ou ben, constituír unha servidume de acueduto e inscribila no Rexistro da Propiedade.

4. Unha vez construída unha nova rede de sumidoiros pública, procederase á anulación de todos os desaugadoiros particulares que fosen autorizados con carácter provisional sendo obrigatorio a conexión directa aos novos sumidoiros.

5. En ningún caso se lle poderán esixir á entidade xestora responsabilidades polo feito de que a través do desaugadoiro poidan entrar nun predio particular augas procedentes do sumidoiro público. Os predios particulares deben dispor de sistemas antirretorno para evitar a entrada de augas procedentes das redes públicas de sumidoiros.

Capítulo III. Permiso de vertedura

Artigo 14. Condicións para a utilización do sistema público de saneamento e depuración

1. Quedan obrigadas a obter permiso de vertedura ao sistema público de saneamento e depuración de augas residuais e a respectar en todo momento as prohibicións e limitacións establecidas respectivamente nos anexos III e IV deste regulamento, as seguintes persoas usuarias:

a) Os/as usuarios/as non domésticos/as cuxa actividade estea comprendida nas correspondentes epígrafes da vixente CNAE-2009, aprobada polo Real decreto 475/2007, equi-valentes ás epígrafes C, D, E F do CNAE-93, segundo os cadros de equivalencias entre a CNAE-93 e a CNAE-2009 elaborados polo

Instituto Nacional de Estadística, así como aqueloutros/as usuarios/as non domésticos/as cuxa vertedura sexa superior a 2.000 metros cúbicos anuais.

b) Os usuarios cun volume de vertedura inferior a 2.000 metros cúbicos anuais pero que orixinen contaminación especial nos termos do artigo 47.1.c) da Lei 9/2010, de augas de Galicia.

2. O resto de persoas usuarias cuxa actividade xere augas residuais domésticas deberán cumprir as disposicións e normativa deste regulamento.

3. En canto ao sistema de depuración cumpriranse as condicións impostas nas autorizacións de vertedura á canle pública ou ao dominio público marítimo terrestre que dite a autoridade de cunca competente.

Artigo 15. Prohibicións e limitacións

1. Están prohibidas:

a) A vertedura ao sistema de saneamento e depuración das substancias relacionadas no anexo III deste regulamento.

b) A dilución para acadar os niveis de emisión que permitan a súa vertedura ao sistema, excepto nos supostos de emerxencia ou de perigo inminente. Nestes supostos deberase realizar a comunicación inmediata destas circunstancias á entidade xestora, a cal deberá adoptar as medidas que en cada caso fosen pertinentes.

c) A vertedura de augas pluviais ao sistema cando se poida adoptar unha solución técnica alternativa.

d) A vertedura de augas brancas ao sistema.

2. As verteduras que conteñan substancias das relacionadas no anexo IV (verteduras limitadas) deste regulamento deberán respectar en todo momento as limitacións que se especifiquen no contido do permiso de vertedura ou outras para substancias non especificadas no dito anexo que a entidade xestora ou organismo que autorice o permiso considere, co fin de protexer os sistemas de saneamento e depuración ou o medio ao que verte. Naqueles parámetros do anexo IV para os cales non se especifiquen limitacións no contido do permiso de vertedura, as limitacións serán as especificadas no dito anexo. Non se admitirá a dilución para acadar os ditos límites e o incumprimento desta prohibición será tipificado polas ordenanzas e os regulamentos locais e será sancionado de conformidade co réxime establecido no artigo 85.b) da Lei 9/2010, de augas de Galicia.

3. O permiso de vertedura poderá establecer valores máis restritivos que os previstos no anexo IV deste regulamento e, así mesmo, poderá establecer limitacións de caudal respecto de parámetros específicos, todo iso en función da capacidade do sistema.

4. Logo de consulta na administración competente, A Confederación Hidrográfica do Miño - Sil poderá adoptar limitacións diferentes das establecidas no punto anterior cando, en aplicación das mellores técnicas dispoñibles, se consiga para unha mesma carga contaminante vertida ao sistema unha diminución do caudal de vertedura indicado no permiso correspondente mediante o emprego de sistemas de aforro de auga por parte da persoa titular do permiso.

Artigo 16. Solicitud de permiso de vertedura

Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, as persoas usuarias de novas acometidas titulares das actividades indicadas no artigo 9.1. deben presentar solicitude ante o concello para o correspondente permiso de vertedura e achegar, como mínimo, a documentación que se indica no anexo V deste regulamento. A dita documentación será remitida por parte do concello á entidade concesionaria (deputación, Consorcio de Auga de Valdeorras, etc.) dos ditos permisos de

vertedura. Esta entidade poderá esixir maior documentación ao solicitante.

Na resolución de concesión do permiso de vertedura indicaranse entre outros os límites cuantitativos do volume de verteduras, os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura, a instalación de arquetas ou outras instalacións que permitan tarefas de inspección e control, número de inspeccións anuais para realizar con cargo ao responsable da vertedura, etc. Así como, poderá establecer limitacións, condicións e garantías en relación á capacidade de caudais, horarios de vertedura, pretratamento, toma de mostras, equipos de medición, programas de seguimento, etc.

Artigo 17. Revisión do permiso de vertedura

1. Sen prexuízo do disposto na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, o permiso de vertedura ao sistema de saneamento deberá revisarse, logo de audiencia do interesado, cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume da vertedura, cando se alteren substancialmente as circunstancias que motivaron o seu outorgamento, ou cando sobreveñan outras circunstancias que, de existiren anteriormente, terían xustificado a súa denegación ou o seu outorgamento en termos diferentes.

2. En todo caso, procederase á revisión do permiso:

a) Cando a carga contaminante vertida por unha actividade resulte significativa en relación co total tratado polo sistema e poida dificultar a súa depuración nas condicións adecuadas.

b) Cando o efecto aditivo de verteduras das mesmas características poida dificultar o tratamento do sistema nas ditadas condicións adecuadas.

3. No caso de que a revisión comporte a modificación das condicións da vertedura ao sistema, a entidade concesionaria do permiso poderá conceder á persoa titular do permiso un prazo de adaptación que non excederá dun ano contado desde a aprobación da revisión.

4. Se a persoa titular do permiso non realizase as modificacións no prazo que, para o efecto, se lle indique, poderá declararse a caducidade do permiso de vertedura sen prexuízo da imposición das sancións oportunas.

5. En ningún caso a revisión do permiso de vertedura comporará para o seu titular dereito a ningunha indemnización.

Artigo 18 - Revogación do permiso de vertedura

O permiso de vertedura ao sistema de saneamento e depuración poderá ser revogado, logo de audiencia do seu titular, nos seguintes supostos:

a) Como consecuencia da revogación da autorización ou licenza que permita o desenvolvemento da actividade que causa a vertedura.

b) Por incumprimento das condicións establecidas no permiso outorgado.

c) Por incumprimento dos requirimentos efectuados para adecuar a vertedura ás condicións establecidas no permiso.

d) Como consecuencia dunha sanción que leve implícita a perda do permiso.

e) A non aceptación ou incumprimento das modificacións do permiso de vertedura impostas como consecuencia da súa revisión.

Artigo 19. Obrigas do titular do permiso de vertedura

A persoa titular do permiso de vertedura debe cumprir as obrigas seguintes:

a) Comunicar de xeito inmediato ao concello e á entidade concesionaria do permiso calquera avaría do proceso produtivo ou das súas instalacións de tratamento que poida afectar negativamente á calidade da vertedura ao sistema, así como calquera modificación nos procesos que inflúa na dita calidade.



b) Comunicar calquera circunstancia futura que implique unha variación das características cualitativas ou cuantitativas da vertedura, para os efectos de proceder, de ser o caso, á revisión do permiso.

c) Adaptar a súa actividade e as súas instalacións ás medidas e actuacións que resulten da aplicación das normas previstas no artigo 31 deste regulamento.

Artigo 20 - Censos de verteduras ao sistema

Crearase un censo informatizado de verteduras segundo se dispoña pola entidade concesionaria do permiso.

Artigo 21 - Vtereduras non canalizadas

1. Enténdese por verteduras non canalizadas aquelas que chegan á estación depuradora de augas residuais a través de medios de transporte que non son nin tubaxes nin canles.

2. Para efectuar verteduras ás instalacións de saneamento mediante sistemas non canalizados será necesario que, sen prexuízo dos permisos ou autorizacións exhibibles de conformidade coa lexislación aplicable en materia de residuos, quen produza a vertedura obteña un permiso especial outorgado pola entidade xestora.

3. Este tipo de verteduras deberán respectar as prohibicións e limitacións establecidas nos Anexos III e IV deste regulamento.

4. Exceptúanse das obrigas do punto anterior as verteduras procedentes de fosas sépticas ou da limpeza do sistema público de saneamento, no referente aos parámetros DQO, DBO, MES, sulfuros, aceites e graxas e as diferentes formas de nitróxeno e fósforo recollidas no anexo IV deste regulamento.

5. As verteduras non canalizadas só se poderán realizar na estación depuradora de augas residuais unha vez obtidas todas as autorizacións correspondentes. En todo caso, a incorporación destas verteduras pautarase de acordo coas indicacións ao respecto do persoal técnico, coa finalidade de evitar calquera alteración do proceso de depuración.

6. En ningún caso se poderán engadir estas verteduras non canalizadas na estación depuradora cando estea próxima ao límite ou saturada en canto á carga contaminante que se vai tratar.

Artigo 22 - Normas de mantemento, reposición e explotación das instalacións

1. A entidade xestora, velará polo correcto funcionamento e estado de conservación do sistema público de saneamento e de depuración.

2. Para estes efectos, a entidade xestora elaborará e executará os plans de mantemento de equipos, instalacións electromecánicas e obra civil e conducións, de conformidade co establecido no anexo VI deste regulamento.

3. En canto ás redes de sumidoiros e de colectores, e sen prexuízo das accións que permitan o seu correcto funcionamento, a entidade xestora velará polo seu adecuado estado de limpeza e identificará as conexións existentes, os puntos de risco de incidencias no medio e as eventuais rupturas, fugas ou intrusionas de augas brancas.

4. En canto á estación depuradora de augas residuais, a entidade xestora explotará a liña de auga e os lodos, en cumprimento da normativa aplicable en materia de augas, costas, verteduras, residuos e xestión de lodos de depuradora, de xeito que se asegure o rendemento axeitado da instalación, que non se obstaculice o seu bo funcionamento pola acumulación de lodos na liña de proceso, non se causen afeccións prexudiciais para o contorno e se asegure a evacuación dos lodos de acordo coa normativa vixente na materia.

5. O funcionamento e a xestión das estacións de bombeo na rede de saneamento deberá adecuarse ao deseño da estación depuradora de augas residuais tanto na capacidade de bombeo como no horario de funcionamento.

6. Nos supostos de parada forzosa do sistema de depuración de augas residuais, sexa programada ou imprevista, a entidade xestora adoptará as medidas necesarias para minimizar as súas consecuencias, reducir o tempo de parada, realizar as reparacións no período de menor incidencia e asegurar o máximo grao de depuración posible.

7. Nos supostos de paradas programadas, a entidade xestora deberá comunicarlhas á Confederación Hidrográfica do Miño - Sil cun mes de antelación, polo menos, xustificando a súa necesidade e informará das medidas propostas para minimizar posibles afeccións ao medio receptor.

Artigo 23. Prevención de riscos laborais

1. Na execución das tarefas de explotación, conservación e mantemento dos sistemas de saneamento e depuración de augas residuais darase cumprimento ao previsto na normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, adoptando as medidas de protección individuais e colectivas que resulten necesarias.

2. De conformidade co establecido na dita normativa, a autoridade competente deberá dispoñer da avaliación de riscos laborais do sistema e do correspondente plan de seguridade.

Capítulo IV. Inspección e control

Artigo 24. Función inspectora

1. A función inspectora corresponde aos concellos respecto das instalacións ao seu cargo, e pode exercela directamente, indirectamente a través da entidade xestora, ou de forma conxunta.

2. Corresponde ao organismo de cunca a alta inspección de todos os sistemas de saneamento e depuración de augas residuais no ámbito territorial do concello. En exercicio desta facultade, poderá levar a cabo cantos controis, ensaios e análises considere necesarios.

3. As funcións inspectoras que corresponden ao organismo de cunca poderán ser encomendadas ás entidades a que se refire o Decreto 162/2010, do 16 de setembro, polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas. O auxilio destas entidades nas funcións de inspección limitarase ás actividades técnicas que non comporten o exercicio de autoridade.

4. As funcións de inspección que corresponden competencialmente ao organismo de cunca e ao concello coordinaranse co obxecto de mellorar a eficiencia e o control do sistema de saneamento.

Artigo 25. Obxecto e inicio da inspección

1. Poden ser obxecto de inspección as actividades ou instalacións cuxas verteduras poidan afectar ao sistema de saneamento e depuración de augas residuais.

2. As inspeccións poden ser:

a) Por iniciativa do concello, entidade xestora (en caso de ser distinta do concello) ou por orde superior.

b) Inspección inicial do persoal inspector do Servizo para a concesión ou denegación do permiso de vertedura.

c) Inspeccións do persoal inspector do Servizo para a toma das mostras estipuladas no permiso de vertedura e para comprobar o seu cumprimento.

d) En virtude de denuncia.

Artigo 26. Dereitos do persoal inspector

No exercicio da súa función, o persoal inspector do concello ou da entidade xestora, debidamente acreditado, poderá:

a) Acceder ás instalacións que xeran verteduras de augas residuais. Non será necesaria a notificación previa da inspección cando se efectúe en horas de actividade industrial.

b) Efectuar notificacións e realizar requirimentos de información e documentación ou de actuacións concretas para a adecuación e mellora das verteduras de augas residuais.

c) Proceder á toma de mostras ou ao control da vertedura de augas residuais e, de ser o caso, de augas de proceso.

d) Proceder á montaxe ou instalación dos equipos que se precisen para a realización das medidas, ensaios ou comprobacións necesarias.

e) Levar a cabo calquera outra actuación tendente a descubrir a orixe das verteduras, o seu grao de contaminación e a súa afección sobre os sistemas de saneamento e depuración.

Artigo 27. Deberes do persoal inspector

O persoal inspector está obrigado, durante o desenvolvemento das súas funcións, a:

a) Identificarse como tal e acreditar a súa condición de persoal inspector.

b) Observar o respecto e a consideración debidos ás persoas interesadas.

c) Informar ás persoas interesadas, cando así sexan requiridas, dos seus dereitos e deberes en relación cos feitos obxecto da inspección, así como das normas que deben cumprir os titulares das verteduras.

d) Obter toda a información necesaria respecto dos feitos obxecto de inspección e dos seus responsables, accedendo, se é necesario, aos rexistros públicos existentes.

e) Gardar sxiilo profesional e segredo respecto dos asuntos que coñeza por razón do seu cargo e actividade pública.

Artigo 28 - Desenvolvemento da actividade inspectora

1. Cando o persoal inspector se presente no lugar onde radiquen as instalacións que se van inspeccionar, comunicarlle á persoa titular o obxecto das actuacións, logo de identificación mediante exhibición do documento que o acredite para o exercicio das súas funcións

2. As actuacións inspectoras realízanse en presenza da persoa titular das instalacións. No caso de persoas xurídicas, considerarase o seu representante quen legalmente teña a dita condición. No caso de ausencia da persoa titular ou representante, as actuacións levaranse a cabo con calquera persoa presente na instalación, facendo constar na acta ou informe posterior a súa vinculación con elas. Non será obstáculo para a realización das actuacións a negativa ou imposibilidade da persoa titular ou representante de estar presente durante a súa práctica, sempre que así se faga constar nas actuacións que documenten a inspección.

3. A persoa interesada está obrigada a permitir o acceso do persoal inspector ás instalacións e á toma de mostras e medicións e a subministrar a información que se lle requira en relación cos feitos obxecto da inspección. Non será necesaria a comunicación previa das visitas do persoal inspector.

4. No caso de obstaculización das actividades inspectoras, o persoal inspector farao constar así. Poderá proceder entón á toma de mostras de augas residuais desde o exterior do recinto das instalacións, sempre que sexa posible.

Artigo 29 Documentación das actuacións inspectoras

1. As actuacións inspectoras documentaranse nunha acta por duplicado (anexo VII) na que tanto o persoal inspector como a persoa interesada poderán facer constar as observacións que consideren oportunas.

2. No caso de que a persoa comparecente se negue a asinar a acta ou a recibir a mostra contraditoria, o persoal inspector farao constar así, autorizando a acta coa súa sinatura e entregando unha copia á persoa interesada, deixando igualmente constancia de se esta se negou a recibila.

3. Os feitos constatados nas actas terán valor probatorio, cos efectos previstos no artigo 77.5n da Lei 39/2015, do 1 de outo-

bro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. No caso de que o levantamento ou o asinamento da acta se produzan sen a presenza da persoa titular ou do representante do establecemento produtor da vertedura, notificaráselle o documento para os efectos de que poidan presentar cantas alegacións e probas consideren convenientes no prazo de dez días.

5. Os custos das inspeccións iniciais para a concesión do permiso de vertedura, das inspeccións periódicas, das ocasionais e dos informes que resulten, serán costeados integramente polo titular da instalación segundo os prezos indicados na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 30. Toma de mostras

A toma de mostras de augas residuais para a concesión do permiso de vertedura e para levar a cabo as correspondentes inspeccións, deberá seguir o seguinte procedemento:

1. Punto de toma de mostras. A mostra tomarase da arqueta de rexistro existente, logo de comprobación das coordenadas UTM ou, no seu defecto, no último punto accesible de saída das augas residuais das instalacións de produción ou tratamento, previo á incorporación ás redes de saneamento e a calquera dilución.

2. Preparación da mostra. Para a obtención da mostra tomarase nun recipiente unha cantidade de efluente suficiente para poder dividila en tres submostras en cadanseus recipientes de material adecuado ás determinacións analíticas que se prevexa realizar. Os recipientes enxaugaranse previamente co mesmo efluente obxecto da mostraxe.

3. As mostras así obtidas precintaranse e identificaranse. Dúas quedarán en poder do persoal inspector, a primeira para efectuar as determinacións analíticas da análise inicial e a segunda para a práctica dunha eventual análise dirimente. A terceira ofreceráselle á persoa interesada, para os efectos de que poida proceder, se o considera oportuno, á práctica da análise contraditoria. No caso de que a persoa interesada se negue a recibir esta terceira mostra ou non poida facerse cargo dela, comunicarlle o lugar en que queda á súa disposición.

4. A natureza dos envases, as súas condicións de preservación, así como os métodos analíticos dos diferentes parámetros, serán os que figuran no anexo IX deste regulamento.

5. O volume mínimo para realizar a mostraxe será de dous litros para cada unha das tres mostras referenciadas no punto tres deste artigo, agás que xustificadamente se poida utilizar un volume menor. Este volume subdividirase en senllos recipientes dun litro, un de vidro e outro de plástico, en función dos parámetros que se van analizar.

6. As tomas de mostras documentaranse nunha acta por duplicado (anexo VII)

7. Poderá prescindirse da toma de mostras para determinar as súas características contaminantes cando se trate de verteduras de natureza inequivocamente doméstica ou gandeira e o persoal inspector así o faga constar expresamente na acta.

Artigo 31 - Práctica das análises

1. Para a práctica da análise inicial e da contraditoria deberá entregarse ao laboratorio de que se trate a mostra correspondente, debidamente conservada, no prazo máximo de 72 horas desde a toma de mostras, para os efectos de iniciar o procedemento de análise no dito prazo

2. As determinacións analíticas da mostra inicial e da contraditoria levaranse a cabo en laboratorios que dispoñan de acreditación que garanta o cumprimento da norma UNE EN ISO 17025. Tamén se poderán levar a cabo no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.

3. O laboratorio ao que se lle encargue a práctica da análise inicial deberá entregar os resultados ao servizo no prazo de



trinta días naturais desde a recepción da mostra, e o servizo procederá a comunicarllos á persoa interesada. A comunicación á persoa interesada deberá realizarse no prazo de dez días desde a recepción dos resultados polo servizo

4. A folla de resultados analíticos, tanto na análise inicial como na contraditoria, expresará en todo caso a data de recepción da mostra, de inicio e de fin da análise, así como os métodos analíticos empregados. De ser o caso, farase constar igualmente o estado de conservación da mostra á súa chegada ao laboratorio.

5. Pola súa parte, a persoa interesada poderá facer uso do dereito a realizar a análise contraditoria. Nese caso, comunicarlle á entidade xestora os resultados da dita análise, se o considera procedente.

6. A práctica da análise dirimente, por solicitude de calquera das partes, levarase a cabo no laboratorio que designe o servizo entre os indicados no punto 2. A mencionada entidade comunicarlle á persoa interesada con antelación suficiente o lugar, a data e a hora onde se levará a cabo, para os efectos de que poida estar presente nas operacións, asistida, se o xulga oportuno, de persoal técnico. En ningún caso se tomará en consideración a petición de análises dirimentes logo de transcorridos dous meses desde a data da toma de mostras, ou cando non se realice análise contraditoria.

7. Os gastos xerados pola práctica das análises inicial e contraditoria corresponden sempre á persoa interesada. Os gastos da análise dirimente corresponden á parte que a solicite. Os prezos das análises serán os definidos na ordenanza fiscal correspondente.

8. En canto aos parámetros para analizar, tomaranse como referencia as recomendación do organismo de cunca así como os que parecen no Decreto 141-2012 Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia (anexo XI).

Capítulo V. Situacións de emerxencia

Artigo 32. Adopción de medidas en situacións de emerxencia

1. Cada persoa usuaria deberá tomar as medidas adecuadas para evitar as descargas accidentais de verteduras que poidan ser potencialmente perigosas para a saúde das persoas ou a seguridade das instalacións que compoñen o sistema público de saneamento e depuración, así como para o medio receptor.

2. Cando por accidente, fallo de funcionamento ou da explotación das instalacións da persoa usuaria se produza unha vertedura que estea prohibida e que sexa capaz de orixinar unha situación de emerxencia e perigo tanto para as persoas coma para o sistema de saneamento e depuración, o usuario deberá comunicar urxentemente a circunstancia producida ao concello e ao servizo así como ao número de emerxencias 112, co obxecto de evitar ou reducir ao mínimo os danos que se poidan causar. A comunicación efectuarase utilizando o medio máis rápido.

Artigo 33. Aparellos de medición. Normas xerais

1. Unha vez producida a situación de emerxencia, a persoa usuaria utilizará todos os medios ao seu alcance para reducir ao máximo os efectos da descarga accidental.

2. A persoa usuaria deberá remitir ao concello e ao servizo, no prazo máximo de 48 horas, un informe detallado do accidente, no cal deberán figurar os seguintes datos: identificación da empresa, caudal e materias vertidas, causa do accidente, hora en que se produciu, medidas correctoras tomadas in situ, hora e forma en que se comunicou o suceso.

Artigo 34. Valoración de danos

Os custos das operacións a que dean lugar os accidentes que ocasionen situacións de emerxencia ou perigo, así como os de limpeza, remoción, reparación ou modificación do sistema de

saneamento e depuración, deberán ser aboados pola persoa usuaria causante, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir.

Artigo 35. Accidentes maiores

Cando as situacións de emerxencia a que se fai referencia nos artigos anteriores poidan ser cualificadas de accidentes maiores a criterio da Axencia Galega de Emerxencias e/ou administración competente, ademais das normas establecidas no presente regulamento, serán de aplicación as disposicións normativas vixentes en Galicia en materia de Protección Civil e xestión de emerxencias.

Capítulo VI. Réxime de infraccións e sancións

Artigo 36. Principios

1. O concello e/ou administración competente terán a capacidade de impoñer aos titulares conectados ás redes de saneamento as correspondentes sancións derivadas das infraccións cometidas por estes.

2. Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións dos distintos suxeitos responsables tipificadas e sancionadas nos seguintes artigos.

3. As infraccións e sancións reguladas neste título enténdense sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde nas que poidan incurrir os seus autores

4. No non regulado por este título aplicárase o establecido na lexislación básica do Estado sobre o exercicio da potestade sancionadora

5. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves segundo se determina nos artigos seguintes.

Artigo 37. Infraccións leves

Consideraranse infraccións leves:

a) A vertedura ao sistema público de saneamento e/ou depuración de augas residuais sen contar coa licenza municipal ou sen axustarse ás condicións sinaladas nela ou ás disposicións deste regulamento.

b) Cando se localicen acometidas de verteduras que non dispoñan de contrato, é dicir, realizadas clandestinamente.

c) A construción ou modificación de sumidoiros, acometidas ou conexión á rede ou instalacións anexas a esta ou ao uso destas, aínda sendo de propiedade particular, sen obter a licenza municipal previa de conexión aos sumidoiros, ou sen axustarse ás condicións sinaladas nela ou ás disposicións deste regulamento.

d) Cando se detecte a instalación, sen autorización previa, de bombas ou calquera outro elemento que afecte ou poida afectar á rede de sumidoiros e/ou que interfira no servizo prestado a outros usuarios.

e) O incumprimento das condicións establecidas no permiso de vertedura, sempre que non causen danos ao sistema público de saneamento ou depuración ou ben cando estes danos non superen os 3.000 €.

f) As acción e omisións das que se deriven danos ou perdas para a integridade ou funcionamento do sistema público de saneamento ou depuración inferiores a 3.000 €.

g) A non execución das arquetas de control descritas neste regulamento necesarias para a inspección por parte do concello ou do servizo.

h) A desobediencia ás ordes ou requirimentos do persoal do organismo de cunca correspondente ou do concello no exercicio das funcións que teñen encomendadas, así como a obstaculización do dito exercicio.

i) O incumprimento dos deberes de colaboración

j) Omitir información ao concello ou ao servizo sobre as características da descarga da vertedura ou sobre os cambios que afecten á natureza destas.

k) A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións non autorizadas, ou distintas ás aprobadas para o permiso de vertedura, así como o desprecintado ou anulación dos que fosen colocados.

l) O incumprimento de calquera prohibición establecida neste regulamento ou a omisión dos actos aos que obriga sempre que non estean considerados como infraccións graves ou moi graves.

Artigo 38. Infraccións graves

Consideraranse infraccións graves:

- a) A reincidencia nalgunha falta leve
- b) A vertedura de augas residuais de natureza distinta á doméstica sen contar co permiso de vertedura correspondente.
- c) A realización de verteduras que conteñan algunha das substancias prohibidas relacionadas no anexo III.
- d) Realizar verteduras superando os límites sinalados no anexo IV.

e) O incumprimento das condicións establecidas no permiso de vertedura sempre que se produzan danos ao sistema público de saneamento ou depuración superiores a 3.000 € e ata 15.000 €.

f) As acción e omisións das que se deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos sistemas públicos superiores a 3.000 € e ata 15.000 € xa sexan causadas maliciosamente ou por negligencia.

g) A evacuación de verteduras sen tratamento previo cando estas o requiran.

h) A ocultación ou falseamento dos datos esixidos na solicitude ou achegados na declaración responsable que sexan determinantes para a concesión do permiso de vertedura.

i) A obstrución ao labor inspector ou a negativa a facilitar a información requirida.

j) Cando o usuario non permita o acceso ao local de orixe da vertedura dos inspectores debidamente identificados que traten de revisar a instalación. É necesario facer constar a negativa mediante testemuñas ou en presenza dun axente da autoridade.

k) A falta de comunicación das situacións de emerxencia e/ou infracción de calquera das prescricións ditadas como consecuencia de declararse a dita situación recollidas neste regulamento.

l) A omisión ou demora na instalación dos tratamentos de depuración esixidos polo concello e/ou administración competente así como a falta de instalación, funcionamento e mantemento de todos os equipos en especial dos dispositivos fixos de capacidade de caudais, toma de mostras e aparellos de medición aos que se fai referencia neste regulamento

Artigo 39. Infraccións moi graves

Consideraranse infraccións moi graves:

- a) A reincidencia nalgunha das faltas graves
- b) Calquera conduta indicada no artigo 41º da que se deriven danos ou perdas para os sistemas públicos de saneamento e/ou depuración superiores a 15.000 €.

c) As infraccións cualificadas como graves no artigo 41º que, por calidade ou cantidade da vertedura, deriven na existencia dun risco moi grave para a saúde das persoas, os recursos naturais ou o medio ambiente.

Artigo 40 - Sancións

1. A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades conforme a este regulamento realizarase mediante a instrución do correspondente expediente sancionador e segundo os artigos 280.2, 287 e 289 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia, e en relación co previsto no artigo 116.3 a) do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

2. As infraccións poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:

- a) Multa

b) Suspensión temporal do permiso de actividade

c) Suspensión definitiva, total ou parcial do permiso de actividade

3. As infraccións tipificadas nos artigos 40º, 41º e 42º serán sancionadas coas seguintes multas:

- a) Infraccións leves: multa de ata 750 €
- b) Infraccións graves: multa entre 750 € e 1.500 €
- c) Infraccións moi graves: multa entre 1.500 € e 3.000 €

4. O cálculo do custo da sanción por incumprimento dalgún dos parámetros limitados farase en función da seguinte fórmula:

Sanción (euros) = (R-L) x P x F x C x Q

Sendo:

R: resultado analítico do parámetro (mg/l)

L: límite do regulamento para ese parámetro (mg/l)

P: prezo aprobado na ordenanza fiscal correspondente.

Proponse un valor de 0.0050 €

F: coeficiente de contaminación para ese parámetro fixado no anexo XI

C: coeficiente de valoración da contaminación= 15

Q: coeficiente de penalización por caudal:

- Caudais inferiores a 16 m3/día: sen penalización
- Caudais entre 16 m3/día e 150 m3/día: penalización do 10%
- Caudais superiores a 150 m3/día: penalización do 25%

5. As sancións graduaranse en función da reincidencia do infractor, da súa intencionalidade, do beneficio obtido, da afección producida ao sistema público de saneamento e/ou depuración ou a calidade do medio receptor e prexuízo ocasionado de interese xeral. En todo caso, para a gradación das sancións, terase en conta o principio de proporcionalidade definido no artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

6. Serán responsables as persoas físicas ou xurídicas que realicen os actos ou incumplan os deberes que constitúan a infracción, e no caso de establecementos industriais ou comerciais, os titulares destes.

7. Para a gradación das multas que se impoñan dentro dos límites mencionados, teranse en conta os seguintes criterios asegurando a adecuación necesaria entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A gravidade do feito constitutivo da infracción consideran- do os danos e prexuízos producidos.
- c) O risco obxectivo causado aos bens ou ás persoas.
- d) A relevancia externa da conduta infractora.
- e) A reincidencia por ter cometido no prazo dun ano máis dunha infracción da mesma natureza, sempre que se teña declarado así por resolución firme.

Artigo 41. Órganos competentes

A potestade sancionadora corresponde ao alcalde do concello ou autoridade na que delegue. Así e todo, o concello, con independencia das actuacións contempladas neste artigo, poderá instar a outros organismos competentes a incoación de expedientes ao abeiro da lexislación vixente.

O concello poderá suspender provisionalmente a execución das obras e instalacións que contraveñan o disposto neste regulamento, así como impedir, tamén provisionalmente, o uso indebido das instalacións municipais. Esta medida deberá adoptarse mediante requirimento individual e por escrito, o cal, para manter a súa eficacia deberá ser ratificado dentro dos cinco días hábiles seguintes polo alcalde, ou a autoridade en quen tivese delegado.

Contra a referida suspensión provisional e contra a súa ratificación, no caso de que fose adoptada pola autoridade delega-



da, poderase interpoñer recurso de alzada diante do alcalde, independentemente de calquera outro que fose procedente.

O concello, será competente para a incoación, tramitación e resolución dos procedementos sancionadores, en aplicación das súas ordenanzas locais.

O prazo máximo para a tramitación e resolución do procedemento sancionador será dun ano dende a data da súa iniciación. No caso de superar o dito prazo producirase a caducidade do procedemento.

Artigo 42. Procedemento e medidas provisionais

O procedemento para a tramitación dos expedientes será o previsto na vixente normativa xeral de procedemento administrativo común.

No caso de vulneración das disposicións deste regulamento e con independencia da imposición das sancións procedentes, o concello, coa finalidade de suprimir os efectos da infracción e restaurar a situación de legalidade, poderá adoptar algunha das seguintes disposicións:

a) A suspensión dos traballos de execución das obras de acometida ou de instalación de pretratamento indebidamente realizadas.

b) Requerir ao infractor para que no termo que para o efecto se sinala introduza nas obras e instalacións realizadas as rectificacións precisas para axustalas ás condicións do permiso ou ás disposicións deste regulamento e/ou no seu caso, proceder á reposición das obras e instalacións indebidamente efectuadas ao seu estado anterior á produción dos danos que tivesen ocasionado.

c) Se o infractor non procedese a reparar o dano causado no prazo sinalado no expediente sancionador, o concello poderá proceder á imposición de multas coercitivas sucesivas.

d) A imposición ao usuario das medidas técnicas necesarias que garantan o cumprimento das limitacións consignadas no permiso de vertedura, evitando o efluente anómalo.

e) A introdución de medidas correctoras concretas na instalación con tal de evitar o incumprimento das prescricións deste regulamento e a redacción, se é o caso, do proxecto correspondente, dentro do prazo que fixe a administración.

f) A clausura ou precinto das instalacións no caso de que sexa posible técnica ou economicamente evitar a infracción mediante as oportunas medidas correctoras.

g) A caducidade do permiso de vertedura á rede de sumidoiros, no caso de contumacia no incumprimento das condicións deste regulamento.

h) A reposición dos danos e perdas ocasionados ás instalacións, obras anexas ou calquera outro ben que resultase danado ou prexudicado.

Artigo 43 - Prescrición

1. As infraccións reguladas neste título prescribirán nos prazos seguintes:

a) Un ano no caso de infraccións leves

b) Tres anos no caso de infraccións graves

c) Cinco anos no caso de infraccións moi graves

O prazo contarase dende a comisión do feito ou dende a detección do dano se este non fose inmediato

2. As sancións ás que se refire este título prescribirán nos prazos seguintes:

a) As sancións impostas por infraccións leves prescribirán ao ano

b) As sancións impostas por infraccións graves prescribirán aos dous anos

c) As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos

O prazo de prescrición comezará a contarse dende o día seguinte ao que sexa firme a resolución en vía administrativa pola que se impón a sanción

Artigo 44 - Valoración de danos

1. A valoración dos danos ás obras hidráulicas para os efectos da aplicación do réxime sancionador a que se refire este capítulo será realizada polo concello, e determinarase en función dos gastos de explotación e, de ser o caso, de reposición daquelas.

2. Os danos ás obras hidráulicas que conforman o sistema de saneamento e depuración calcularanse en euros/día, como resultado da ponderación do custo diario de explotación das instalacións públicas afectadas en relación co caudal e carga contaminante da vertedura de que se trate

3. O concello determinará, de acordo cos orzamentos aprobados para o efecto e as correspondentes certificacións, os gastos de explotación repercutibles ao responsable da vertedura de que se trate

4. A valoración de danos que servirá de base para a cualificación da infracción, para a cuantificación da sanción e, de ser o caso, da indemnización que deba impoñerse, resultará do cálculo a que se refire o punto segundo multiplicado polo número de días que se considere que a vertedura se mantivo en situación irregular

5. Para os efectos do disposto no punto anterior, computaranse os gastos correspondentes a todo o período en que a instalación pública de saneamento ou de depuración de augas residuais quedase afectada pola vertedura irregular, mesmo se este for de carácter illado. En calquera caso, considerarase que a vertedura irregular se mantivo durante, cando menos, un día.

6. A valoración de danos deberá notificarse ao presunto/a infractor/a simultaneamente co prego de cargos que se dite no correspondente expediente sancionador

Disposición transitoria. Prazo para acreditar a existencia de documento identificativo do cliente

A partir da entrada en vigor deste regulamento, a entidade xestora durante o prazo de cinco anos, poderá realizar os correspondentes requirimentos aos clientes que contén con autorización de vertedura con anterioridade á vixencia deste regulamento, co fin de que acrediten que se atopan en posesión do correspondente documento identificativo que cumpren cos requisitos legais que permiten emitir as correspondentes facturas pola subministración. Así mesmo verificaranse as instalacións de acometida por parte do servizo para corroborar que se adaptan ao indicado neste regulamento e no caso de non ser así deberá instarse ao cliente a que realice as obras necesarias para a súa adecuación..

Unha vez efectuado o anterior requirimento, se no prazo de 30 días seguintes a este non se recibiu por parte da entidade xestora a comunicación do documento identificativo poderá realizarse a suspensión e a revogación do permiso. Este mesmo feito de suspensión e revogación poderá darse no caso de que non se realizasen as obras de adecuación da acometida a este regulamento.

Se no prazo de cinco anos non se puido regularizar a situación da totalidade dos clientes, esta disposición transitoria poderase prorrogar por iguais prazos de 5 anos, ata a completa acreditación por parte de todos os clientes dos documentos identificativos e revisión de que se cumpren cos preceptos indicados neste regulamento.

Disposición final.

O presente regulamento, unha vez aprobado definitivamente entrará en vigor a partir da data da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

(Ver anexos páx. 15-25)

Anexo I

Normas de execución de acometidas e ampliación das redes de sumidoiros e de pluviais


1. A acometida á rede de sumidoiros e de pluviais realizarase con tubo de policloruro de vinilo (PVC) cor laranxa, clase SN4, segundo norma EN 1401, con certificado AENOR ou acreditado por ENAC e cun diámetro suficiente (mínimo 160 mm). En función do tráfico e do recubrimento, poderase esixir clase SN8.
2. As ampliacións da rede de sumidoiros e de pluviais realizaranse con tubo de policloruro de vinilo (PVC) cor laranxa, SN4, segundo a norma EN 1401, de 315 mm de diámetro exterior para as redes de sumidoiros e de 400 mm para as redes de pluviais, como mínimo. En función do tráfico e do recubrimento poderase esixir clase SN8.
3. As acometidas ás redes municipais de sumidoiros e augas pluviais, faranse por separado en todos os casos independentemente de que exista rede de sumidoiros e rede de pluviais. As acometidas á nova rede municipal, conectaranse a esta nun pozo de rexistro obrigatoriamente no caso de acometidas de edificacións, acometidas de vivendas unifamiliares de lonxitude superior a 10 m e tamén cando os materiais da rede existente non permitan outro sistema. No resto dos casos, podería realizarse directamente o tubo mediante un sistema homologado de “enxerto click”.
4. As acometidas e ampliacións da rede municipal de sumidoiros e de pluviais, realizaranse sen cóbados. No caso de que sexa necesario facer algunha quebra, esta realizarse con arquetas para as acometidas, e con pozos para as ampliacións da rede.
5. Para as acometidas de sumidoiros e de pluviais construírse unha arqueta de rexistro de 40 x 40 próxima ás saídas dos sumidoiros de fecais e pluviais para a limpeza da acometida no seu traxecto pola rúa.
6. Nas ampliacións da rede de sumidoiros e de pluviais, cada 30 m, disporanse os preceptivos pozos de rexistro circulares concéntricos realizados en fábrica de formigón en masa HM-20/B/25/I de diámetro mínimo 80 e cono de redución a 60, con soleira, enfoscado interior e xuntas tomadas con morteiro 1:3, bruñido, paredes e soleira de formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor.
- As tapas dos pozos serán de fundición dúctil da clase D-400 para calzada ou C-250 para beirarrúas, circulares de diámetro de abertura 600 mm con cerco de ferro fundido (tipo Rexel de Saint Gobain ou similar) con certificado AENOR ou acreditación ENAC.
- Así mesmo, no extremo da nova rede, deixarase un pozo de rexistro de similares características aos anteriores para a conexión coa rede existente.
7. Cando o nivel do desaugadoiro particular non permita a condución á rede de sumidoiros por gravidade, a elevación deberá ser realizada polo propietario da finca. En ningún caso poderá esixirse á Administración local xestora responsabilidades polo feito de que a través do desaugadoiro poidan penetrar nun predio particular augas procedentes do sumidoiro público.
8. Sempre que sexa posible, respectarase unha distancia mínima co resto de servizos de 30 cm, tanto en cruzamento, como en canalizacións que discorran en paralelo.
9. A apertura de gabias practicarase a un mínimo de 1 m de profundidade, ou no seu caso, á profundidade requirida polo servizo.
10. A apertura de gabias en pavimentos irá precedida dun precorte destes.
11. O recheo de gabias efectuarase en camas de 30 cm de espesor, compactadas ao 95% con material seleccionado, procedente ou non, da propia escavación.
12. A reposición de pavimento de beirarrúas realizarase en todo o ancho desta, e na lonxitude que quede afectada polas obras.
13. A dita reposición constará dunha base de formigón HM-20 de 15 cm de espesor, unha capa de morteiro de cemento de 3 cm e baldosa da cor e dimensións iguais ao existente, mantendo sempre a calidade “terrazo”.
14. A reposición do pavimento da calzada executarase cunha base de formigón HM-20 de 30 cm de espesor, con mallazo 15x15/8 en acceso a garaxes, e unha capa de rodada de 8 cm de espesor de mestura bituminosa en quente, tipo D-20, logo do rego de imprimación con 0,6 kg/m² de ECR-1.
15. Tanto nas reposicións de calzada como de beirarrúas, os pozos de rexistro, arquetas, bordos, sumidoiros e demais elementos existentes nestas, reporanse e elevaranse á cota da rasante ao substituírse por outros das mesmas características.
16. Tomaranse as medidas necesarias de precaución e sinalización na execución das obras, responsabilizándose de posibles danos a terceiros, tanto durante a execución como despois dela. Así mesmo, deberase estar en posesión dos pertinentes permisos de obra, no caso de ser necesarios.
17. Non poderá interromperse o tráfico pola rúa, e no suposto de que a gabiá tivese que permanecer aberta durante a noite ou en momentos nos que non se traballe, disporase dos sinais necesarios para evitar calquera risco de accidente.
18. Nas obras nas que se teña que desviar aos peóns total ou parcialmente fóra das beirarrúas, acondicionarase un paso debidamente protexido por valados en toda a súa lonxitude e paralelo a estas.
19. A empresa comunicará por escrito ao servizo con quince días de antelación a data de comezo das obras. Así mesmo, o servizo poderá controlar e inspeccionar en todo momento o desenvolvemento das obras, así como establecer novas condicións se o considerasen oportuno.



Anexo II

Esquema instalación interior. Pozos y arquetas.

ANEXO II ESQUEMA DE INSTALACION INTERIOR



NOTA:

SI LA TAPA DE LA ARQUETA INTERIOR DE LA EDIFICACION DE LA PLANTA BAJA DA COTA CON LA TAPA DEL POZO DE REGISTRO, SE SACAN LAS AGUAS POR GRAVEDAD.

SI LA TAPA DE LA ARQUETA INTERIOR DE LA EDIFICACION DE LA PLANTA SOTANO DA COTA CON LA TAPA DEL POZO DE REGISTRO, SE SACAN LAS AGUAS POR GRAVEDAD. EN CASO DE QUE NO DE COTA SE TIENE QUE BOMBEAR, SEGUN SE REFLEJA EN EL PRESENTE ESQUEMA.

Anexo III

Verteduras prohibidas

- a) Materias sólidas ou viscosas en cantidades ou tamaños tales que, por si soas ou por integración con outras, produzan obstrucións ou sedimentos que impidan o correcto funcionamento do sistema ou dificulten os traballos da súa conservación ou mantemento
- b) Disolventes ou líquidos orgánicos inmiscibles na auga, combustibles ou inflamables.
- c) Aceites e graxas flotantes sólidas ou semisólidas.
- d) Substancias sólidas potencialmente perigosas.
- e) Gases ou vapores combustibles ou inflamables, explosivos ou tóxicos ou procedentes de motores de explosión.
- f) Materias que, por razón da súa natureza, propiedades ou cantidades, por si mesmas ou por integración con outras, poidan orixinar:
 - Calquera tipo de molestia pública.
 - A formación de mesturas inflamables ou explosivas co aire.
 - A creación de atmosferas molestas, insalubres, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o traballo do persoal encargado da inspección, limpeza, mantemento ou funcionamento do sistema.
 - A coloración das augas residuais de tal xeito que non se pode eliminar con ningún dos procesos de tratamento usuais nas estacións depuradoras.
- g) Materias que, por si mesmas ou a consecuencia de procesos ou reaccións que teñan lugar dentro da rede, teñan ou adquiran calquera propiedade corrosiva capaz de danar ou deteriorar os materiais do sistema ou prexudicar o persoal encargado da súa limpeza e conservación.
- h) Residuos de natureza radioactiva.
- i) Residuos industriais ou comerciais que, polas súas concentracións ou características tóxicas ou perigosas, requiran un tratamento específico ou un control periódico dos seus efectos nocivos potenciais.
- j) As verteduras que por si mesmas ou a consecuencia de transformacións químicas ou biolóxicas que se poidan producir na rede de saneamento dean lugar a concentracións de gases nocivos na atmosfera da rede de sumidoiros superiores aos seguintes límites:
 - Dióxido de carbono: 15000 ppm.
 - Dióxido de xofre: 5 ppm.
 - Monóxido de carbono: 25 ppm.
 - Cloro: 1 ppm.
 - Ácido sulfhídrico: 10 ppm.
 - Ácido cianhídrico: 4,5 ppm.
- k) Residuos sanitarios definidos na vixente normativa nesta materia.
- l) Residuos sólidos ou semisólidos xerados por sistemas de saneamento e depuración.
- m) Residuos de orixe pecuaria.

Anexo IV

Verteduras limitadas

Parámetros	Valor límite	Unidades
Ph	5,5-9	--
1,2-dicloroetano	0,40	mg/l
Aceites e graxas	100	mg/l
Aldehidos	2	mg/l
Aluminio	10	mg/l
Amoníaco	30	mg/l
AOX ⁽¹⁾	2	mg/l
Arsénico	1	mg/l
Bario	10	mg/l
Boro	3	mg/l
BTEX ⁽²⁾	5	mg/l
Cadmio	0,10	mg/l
Chumbo	1	mg/l
Cianhídrico	10	cc/m ³ de ar



Parámetros	Valor límite	Unidades
Cianuro	0,50	mg/l
Cianuros disoltos	1	mg/l
Cloro	1	cc/m3 de ar
Cloruros	2.000	mg/l
Cobre	3	mg/l
Condutividade eléctrica (25° C)	5.000	µS/cm
Cor	Inapreciable en dilución 1/30	
Cromo hexavalente	0,5	mg/l
Cromo total	2	mg/l
DBO ₅	500	mg/l
DQO	1.000	mg/l
Dióxido de xofre	15	mg/l
Estaño	3	mg/l
Fenois totais	1	mg/l
Ferro	10	mg/l
Fluoruros	10	mg/l
Fosfatos	60	mg/l
Fósforo total	40	mg/l
Hidrocarburos	15	mg/l
Hidrocarburos aromáticos policíclicos	0,20	mg/l
Manganeso	5	mg/l
Materias inhibidoras	20	equitox
Mercurio	0,01	mg/l
Níquel	2	mg/l
Nitratos	50	mg/l
Nitróxeno amoniacal	30	mg/l
Nitróxeno total Kjeldahl	40	mg/l
Nonifenol	1	mg/l
Percloroetileno	0,40	mg/l
Pesticidas	0,10	mg/l
Praguicidas totais	0,10	mg/l
Selenio	0,50	mg/l
Sólidos en suspensión	500	mg/l
Sulfatos	400	mg/l
Sulfhídrico	20	cc/m3 de ar
Sulfuros disoltos	0,30	mg/l
Sulfuros totais	1	mg/l
Temperatura	30	°C
Tensioactivos aniónicos ⁽³⁾	6	mg/l LSS
Triacinas totais	0,30	mg/l
Tributilestaño	0,10	mg/l
Triclorobenceno	0,20	mg/l
Zinc	2	mg/l

(1) Poderán observarse valores superiores de AOX naqueles casos en que se cumpran os valores de organoclorados individualizados de este anexo IV.

(2) Suma de benceno, tolueno, etilbenceno e xileno.

Substancias activas co azul metileno expresadas como lauril sulfato sódico (LSS).

Anexo V

Documentación necesaria para a obtención do permiso de vertedura

1. Modelo de solicitude
2. Materias primas e auxiliares ou produtos semielaborados, caudais e usos.
3. Memoria explicativa do proceso industrial con diagramas de fluxo.
4. Descrición dos procesos e operacións causantes das verteduras, réxime e características das verteduras resultantes (previas ao pretratamiento).
5. Sistemas e unidades de tratamento: descrición do sistema de tratamento existente con cálculos hidráulicos de dimensionamentos (volumes, tempos de retención); descrición detallada de equipamentos instalados, potencias de bombeo, materiais de construción, medidas de seguridade para evitar verteduras accidentais, instrumentos de control propostos, proposta de seguimento e control de calidade do efluente, produción e destino de residuos. Condutos e tramo da rede de sumidoiros onde conecta ou pretende conectar en coordenadas UTM.
6. Memoria técnica das instalacións de tratamento (se existen ou se requiren).
7. Verteduras finais ao sumidoiro para cada conduto de evacuación, descrición do réxime de vertedura, volume e caudal, épocas e horarios de vertedura. Composición final da vertedura: análise de cada punto de vertedura.
8. Dispositivos de seguridade adoptados para previr accidentes nos elementos de almacenamento de materias primas ou produtos líquidos elaborados susceptibles de ser vertidos á rede de sumidoiros.
9. Enumeración dos residuos xerados tanto nos procesos de produción como no pretratamiento da vertedura. Presentarase a documentación que acredite a correcta xestión destes.
10. Planos de situación, planos da rede interior e do pretratamiento. Planos de detalle das conexións, pozos e arquetas e dos dispositivos de seguridade.

Anexo VI

Plan de conservación e mantemento dos sistemas de saneamento de augas residuais

1. Definicións
 - 1.1.** Mantemento correctivo: o que se realiza a un elemento do sistema de saneamento como consecuencia dunha avaría, rotura ou unha diminución da calidade do servizo por debaixo dos límites predeterminados. Adoita tratarse dun mantemento non programado, ben que en ocasións é planificable
 - 1.2.** Mantemento preventivo: o que se realiza a un elemento do sistema de saneamento como consecuencia de determinados criterios prefixados (número de horas de funcionamento, períodos de tempo, grao de sucidade etc.) co obxectivo de evitar avarías, roturas ou diminucións no seu rendemento que poida afectar o bo funcionamento do sistema de saneamento. Sempre é un mantemento programado.
 - 1.3.** Mantemento normativo: é a parte do mantemento preventivo que vén establecido pola lexislación sectorial, e que inclúe tanto equipamentos como instalacións (extintores, caldeiras, instalación eléctrica de baixa tensión, etc.)
 - 1.4.** Mantemento preventivo para época estival: é o mantemento que prepara os sistemas de saneamento para os impactos estivais; considérase época estival a comprendida entre xuño e setembro.
 - 1.5.** Conservación: é o mantemento específico da obra civil, edificios, colectores e outros elementos do sistemas de saneamento.
2. Documentos necesarios para a xestión e control da explotación dos sistemas de saneamento.

A documentación que necesariamente debe levarse actualizada é a seguinte:

 - 2.1.** Proxecto das instalacións de depuración, planos das redes de saneamento e os seus elementos e planos da situación dos puntos de vertedura.
 - 2.2.** Recompilación da documentación relativa á legalización das instalacións ou elementos que forman parte do sistema de saneamento; débese proceder á legalización de cantas estean pendentes diso, incluíndo no plan de reposicións, melloras e novos investimentos ás actuacións necesarias para a dita legalización.
 - 2.3.** Inventario das instalacións e equipamentos que forman parte do sistema de saneamento (bombeos, tanques de retención, aliviadoiros etc.), con copia dispoñible nas instalacións da entidade xestora do sistema.
 - 2.3.1.** O inventario de equipamentos debe incluír: descrición, tipo, marca, modelo, número de serie, ano de instalación, custo, potencia e calquera outra característica que se considere de interese.
 - 2.3.2.** A entidade xestora clasificará equipamentos e instalacións incluídos no inventario nunha das categorías seguintes:
 - 2.3.2.1.** Críticos: aqueles cuxa avaría pode supoñer un colapso do sistema de saneamento provocando unha deterioración importante da calidade do efluente cara ao medio receptor, ou ben un custo elevado na súa reparación (transformadores, centrífugas, motores de coxeración, sopradores, bombas etc.). Tamén se inclúen instalacións ou equipamentos con compoñentes cuxo prazo de entrega sexa moi longo, ou cuxa avaría poida ser perigosa para a seguridade das persoas ou instalacións (detectores de gases, pararraios, e en xeral calquera equipamento relacionado coa seguridade).

2.3.2.2. Xerais: o resto de equipamentos e instalacións non incluídos no punto anterior.

2.4. Programa de mantemento preventivo, incluíndo operacións e frecuencia do dito mantemento para os diferentes equipamentos e instalacións. Inclúir fichas de seguimento do mantemento por cada equipamento.

2.5. Programa de inspección da rede de colectores, con identificación dos puntos máis importantes e a frecuencia de inspección, que incluírá o rexistro das inspeccións realizadas. Se o sistema inclúe emisarios submarinos, no programa engadirase, polo menos, unha inspección anual.

2.6. No caso de estacións de tratamento:

- Rexistros de analíticas e caudais de entrada.
- Rexistros de consumos de reactivos.

O inventario e os programas de mantemento e conservación realizaranse en soporte informático e deben facilitarse a Augas de Galicia, cun rexistro das operacións de mantemento correctivo, preventivo, estacional e normativo que se leven a cabo.

Anexo VII

Acta de inspección

Acta de inspección				Acta nº	
Identificación da empresa inspeccionada					
Data		Empresa			
CIF		Dirección			
Poboación		CP		Ref. Censo verteduras	
En presenza de					
Con DNI		Cargo			
Identificación do persoal inspector					
Entidade xestora		Concesionaria			
Nome e apelidos					
Cargo					
Datos xerais					
Consumo de auga	Rede (si/non)		M ³ (ano/mes/día)		Estimado/medido
	Pozo (si/non)		M ³ (ano/mes/día)		Estimado/medido
	Outros		M ³ (ano/mes/día)		Estimado/medido
Caudal vertedura	M ³ (ano/mes/día)		Estimado/medido-equipos		
Sist. depuración si/non			Descrición		
Permiso de vertedura si/non			Data e nº		
Arqueta de vertedura si/non			Situación		
Mostras					
Toma de mostras si/non			Acta tm nº		
Punto tm			Punto vertido ¹		

O inspector levanta acta por duplicado ás horas e entrega unha copia ao responsable da empresa en , a de de

O representante da empresa Sinatura, DNI e selo	O inspector Sinatura e DNI
--	-------------------------------



1-Punto de vertido: rede de saneamento e EDAR de destino

Anexo N°	Acta n°
----------------	---------------

Observacións por parte da inspección

Observacións por parte da empresa inspeccionada

O representante da empresa
Sinatura, DNI e selo

O inspector
Sinatura e DNI

Empresa
Selo, assinatura, nome e DNI

Anexo IX

Condições de preservación de mostras e métodos analíticos

Parámetro para analizar	Tipo de envase ⁽¹⁻²⁾	Técnica de conservación ⁽³⁾	Método analítico ⁽⁴⁾
Temperatura		Para realizar “in situ”	Termometría.
pH	Indiferente	-	Potenciometría.
Conductividade	Indiferente	Refrigeración	Conductimetría.
Sales solubles	Indiferente	Refrigeración	Conductimetría. Gravimetría.
Materias en suspensión (MES)	Indiferente	Refrigeración	Filtración en discos de fibra de vidro (norma UNE ou similar).
Demanda química de oxíxeno (DQO)	Indiferente (vidro no caso de valores baixos)	Acidificación ata pH<2 con H2SO4 e refrigeración	Método do dicromato potásico. Norma UNE 77-004-89 ou similar.
Demanda bioquímica de oxíxeno (DBO5)	Indiferente (vidro no caso de valores baixos)	Refrigeración	Método manométrico. Método de dilucións.
Aceites e graxas e/ou hidrocarburos totais	Vidro	Acidificación ata pH<2 con H2SO4 ou HCl	Gravimetría. Espectrofotometría infravermella (IR). Cromatografía de gases (CG).
Materias inhibidoras (toxicidade)	Vidro	Refrigerar ou conxelar en función do tempo de almacenamento previo á análise	Inhibición de luminescencia de vidro Fischeri (norma UNE-EN-ISO 11348-3).
Resto de parámetros (N-NH4, NTK, N-NO3, SO4 -3 etc.) agás os descritos a continuación	Indiferente	Refrigeración	Espectrofotometría UV-Visible. Cromatografía iónica (CI). Potenciometría etc.
Cianuros	Indiferente	Adición de NaOH ata pH>12, refrigeración na escuridade	Espectrofotometría UV-Visible ou potenciometría logo de destilación.
Fósforo total	Vidro	Refrigeración	UV-Visible logo de dixestión. ICP-Masas.
Cloruros	Indiferente	-	Volumetría. Potenciometría. Cromatografía iónica (CI).
Fluoruros	Plástico	-	Potenciometría UV-Visible. Cromatografía iónica.
Metais pesados (agás mercurio e cromo VI)	Plástico ou vidro lavado con HNO3	Acidificación ata pH<2 con HNO3	Absorción atómica, ICP-Masas. ICP-Óptica (OES).
Mercurio	Plástico ou vidro lavado con HNO3	Acidificación ata pH<2 con HNO3 e refrigeración a 4°C	Absorción atómica por vapor frío. ICP-Masas.
Cromo VI	Indiferente	Refrigeración	UV-Visible.
Sulfuros	Plástico ou vidro	Refrigeración e adición de 4 gotas de acetato de Zn 2N/100 ml de mostras e NaOH ata pH>9	Espectrofotometría UV-Visible. Cromatografía iónica.
Fenois totais	Indiferente	Refrigerar e acidificar ata pH<2 con H2SO4	Espectrofotometría UV-Visible. Cromatografía de gases. HPLC.

1. De acordo coas condicións de conservación establecidas no Standard Methods for the examination of water and wastewater. 20th Edition.

2. De acordo coas condicións de conservación establecidas no Standard Methods for the examination of water and wastewater. 20th Edition.

3. Os volumes tomados para cada parámetro dependerán da concentración do contaminante que cómpre determinar e da técnica analítica asociada. En todo caso, o laboratorio encargado da determinación analítica fixará o volume necesario de mostra en función dos seus procedementos de traballo.

4. Os métodos analíticos que se seguirán para a determinación de cada un dos parámetros estarán baseados en normas UNE-EN, EN, UNE ou en metodoloxía aceptada internacionalmente.

Anexo X

Cálculo do custo de sanción por incumprimento dalgún dos parámetros limitados

Coeficiente de contaminación para parámetros limitados

Parámetro	Valor límite	Factor contaminación
Ph	5,5-9	0,50 (por cad 0,1 un. pH desviación)
1,2-dicloroetano	0,40 mg/l	12,5
Aceites e graxas	100 mg/l	10
Aldehidos	2 mg/l	1,25
Aluminio	10 mg/l	1
Amoníaco	30 mg/l	1
AOX	2 mg/l	1,25
Arsénico	1 mg/l	12,50
Bario	10 mg/l	1,25
Boro	3 mg/l	1,25
BTEX	5 mg/l	12,50
Cadmio	0,10 mg/l	12,50
Chumbo	1 mg/l	12,50
Cianhídrico	10 cc/m3 de ar	1
Cianuro	0,50 mg/l	12,50
Cianuros disoltos	1 mg/l	12,50
Cloro	1 cc/m3 de ar	12,50
Cloruros	2.000 mg/l	0,50
Cobre	3 mg/l	12,50
Condutividade	5.000 µS/cm	0,20
Cromo hexavalente	0,5 mg/l	12,50
Cromo total	2 mg/l	12,50
DBO ₅	500 mg/l	0,50
DQO	1.000 mg/l	0,50
Dióxido de xofre	15 mg/l	1
Estaño	3 mg/l	1,25
Fenois totais	1 mg/l	1,25
Ferro	10 mg/l	1,25
Fluoruros	10 mg/l	1
Fosfatos	60 mg/l	1
Fósforo total	40 mg/l	1
Hidrocarburos	15 mg/l	1
Hidrocarburos arom. policíclicos	0,20 mg/l	12,50
Manganeso	5 mg/l	1,25
Materias inhibidoras	20 equitox	1
Mercurio	0,01 mg/l	12,50
Níquel	2 mg/l	1,25

Parámetro	Valor límite	Factor contaminación
Nitratos	50 mg/l	1
Nitróxeno amoniacal	30 mg/l	1
Nitróxeno total Kjeldahl	40 mg/l	1
Nonifenol	1 mg/l	12,50
Percloroetileno	0,40 mg/l	12,50
Pesticidas	0,10 mg/l	12,50
Praguicidas totais	0,10 mg/l	12,50
Selenio	0,50 mg/l	12,50
Sólidos en suspensión	500 mg/l	0,50
Sulfatos	400 mg/l	0,10
Sulfhídrico	20 cc/m3 de ar	12,50
Sulfuros disoltos	0,30 mg/l	12,50
Sulfuros totais	1 mg/l	12,50
Temperatura	30 °C	1
Tensioactivos aniónicos	6 mg/l LSS	1,25
Triacinas totais	0,30 mg/l	12,50
Tributilestaño	0,10 mg/l	12,50
Triclorobenceno	0,20 mg/l	12,50
Zinc	2 mg/l	1,25

Contra este acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vilamartín de Valdeorras. O alcalde. Asdo.: Enrique Álvarez Barreiro.

Asinado dixitalmente na marxe.



Al no haberse presentado reclamaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el acuerdo plenario inicial aprobatorio del Reglamento de los Servicios Públicos de Saneamiento y Depuración de Aguas Residuales y de su Uso, cuyo texto íntegro se publica, para su general conocimiento y en cumplimiento de lo previsto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régimen Local.

«Por Providencia de la Alcaldía, con fecha 24 de agosto de 2021, se solicitó un informe de Secretaría en relación con el procedimiento y la legislación aplicable para la aprobación de la Ordenanza Municipal Reguladora de los Servicios Públicos de Saneamiento y Depuración de Aguas Residuales.

Teniendo en cuenta dicho informe, el resultado de la consulta pública efectuada a través del portal web de este ayuntamiento y el proyecto elaborado por los servicios municipales de la Ordenanza Municipal Reguladora de los Servicios Públicos de Saneamiento y Depuración de Aguas Residuales, en el que se tuvieron en cuenta las aportaciones realizadas durante el trámite de consulta pública, recibidas en este ayuntamiento, así como el informe del secretario sobre el proyecto.

Y teniendo en cuenta también que el proyecto estuvo expuesto al público y no se recibieron aportaciones durante el trámite de consulta pública, como así lo acredita el certificado de Secretaría, y el informe de Secretaría y de conformidad con lo dispuesto en los artículos 22.2.d) y 49 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, acordamos:

Primero. Aprobar inicialmente la Ordenanza Municipal Reguladora de los Servicios Públicos de Saneamiento y Depuración de Aguas Residuales en los términos en que consta en el expediente.

Segundo. Someter dicha ordenanza municipal a información pública y audiencia de los interesados, con publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y tablón de anuncios del ayuntamiento, por el plazo de treinta días para que puedan presentar reclamaciones o alegaciones, que serán resueltas por la Corporación. De no presentarse reclamaciones o aportaciones en el mencionado plazo, se considerará aprobada definitivamente sin necesidad de acuerdo expreso por el Pleno.

Simultáneamente, publicar el texto de la ordenanza municipal en el portal web del ayuntamiento:

